



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*



---

# REGULAMENTO DE CAZA SAN HUBERTO

---



*"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"*



## **OBXECTO E ÁMBITO**

### **1.- FINALIDADE**

O obxectivo do Campionato Galego de San Huberto para Cazadores e Cazadoras con Cans de Mostra e Spaniels é a promoción e valoración do espírito deportivo do cazador nunha competición de alto nivel que saiba destacar os aspectos cinófilos e técnicos do exercicio da caza e a educación dos cazadores no respecto da natureza e a ecoloxía. Trátase dun campionato de caza, onde debe primar a seguridade, a compenetración cazador - can e a efectividade.

### **2.- TIPOS DE PROBA**

- 1) As fases sociais, comarcais, provinciais e autonómicas serán organizadas pola Federación Galega de Caza, atendendo ás normas, así como ás datas de celebración marcadas polo Calendario de Competicións da Federación Galega de Caza.
- 2) As probas dos distintos campionatos rexeranse polas presentes regras técnicas.

### **3.- CAMPIONATO GALEGO**

#### **2) MASCULINA**

- a) A puntuación obtida en cada quenda de clasificación polos distintos participantes, na primeira manga, só ten valor para determinar os dous primeiros clasificados desa batería, que xunto cos dous primeiros das outras, pasarán a realizar o desempate.
- b) O desempate estará xulgado por tres xuíces de entre os que xulgaron anteriormente as probas de clasificación.
- c) O tempo desta segunda manga será de 10 minutos por concursante.

d) Para obter o título de Campión de Galego, o deportista deberá abater e cobrar polo menos unha peza das autorizadas ben na súa quenda ou ben no desempate.

Si hubese máis de tres series só se clasifica o primeiro de cada unha.

### 3) FEMININA

a) Para estar presentes no Campionato Galego, as damas deberán participar no correspondente Campionato Provincial, ben en clasificación de damas si hai suficiente número de participantes, ben en clasificación xeral.

a) O número de representantes de cada Provincia fixarase proporcionalmente cada ano pola a Federación Galega de Caza

b) Para obter o título de Campiona Galega, deberá abater e cobrar polo menos unha peza das autorizadas ben na súa quenda ou ben no desempate, se o hubese, por existir máis dunha batería.

### 4) SPANIELS

a) Celebrarase o mesmo día que San Huberto Damas e Homes e poderán presentarse participantes que designe a Federación Galega de Caza, previa participación no Campionato Provincial correspondente, salvo o Campión da edición anterior que deberá defender o seu título.

b) O número total de participantes determinarase cada ano pola Federación Galega de Caza.

c) Non se poderá participar en máis dunha das modalidades San Huberto Homes, San Huberto Damas e San Huberto Spaniels.

d) No caso de que un participante se clasifique na súa Provincia en dúas das modalidades, deberá de elixir con antelación en cal delas participa no Campionato Galego.

## ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

### 4.- DELEGADOS TÉCNICOS

Son designados pola organización entre persoas con experiencia acreditada na competición de caza San Huberto e acrediten un coñecemento exhaustivo das presentes regras técnicas.

#### 1) Funcións e competencias:

- a) Acompañar ao Xurado ao longo do terreo sobre o que se deberá ter un perfecto coñecemento.
- b) Observar o perfecto desenvolvemento da proba.
- c) Antes de comezar a proba, o Delegado Técnico, deberá indicar ao Xurado e ao concursante os límites do terreo dentro do cal poderá realizar a súa quenda de caza e lembrar, ademais, as especies de caza autorizadas.
- d) Adoptar tódalas medidas necesarias para o correcto desenvolvemento da proba, vixiando a regularidade das mesmas e o respecto rigoroso das normas do presente Regulamento e do programa.
- e) Retirar ao final da quenda de competición os xuízos expresados por cada Xuíz e poñelos a disposición da Secretaría do Campionato.
- f) Colaborará a nivel práctico co Xurado, pero sen influencia algunha no que concirne ás decisións do mesmo.
- g) Os delegados técnicos non terán comunicación co exterior como móbiles, etc., xa que en ningún momento deben de ver nin o campo nin a sementa.

## **5.- REQUISITOS DA PROBA**

- 1) Os cazadores participantes deberán acreditar, para intervir nestes Campionatos de Caza San Huberto, que reúnen as seguintes condicións:
  - a) Estar en posesión da documentación esixida polas leis para a práctica da caza.
  - b) Estar en posesión da Licenza Federativa da Federación Galega de Caza en vigor.
  - c) Pertencer na data da iniciación da proba á Sociedade de Cazadores Federada á que represente, o que acreditará co correspondente certificado.
  - d) Servirse de escopeta e auxiliarse de can de caza debidamente inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.
- 2) A reserva pode substituír un dos concursantes ata o momento de chamada pola quenda de competición e será posible substituír, ben sexa só ao can ou ben ao cazador, ou aos dous, cazador e can.
- 3) A substitución á que se refire este artigo é sempre antes da chamada para a quenda de competición, nunca se poderá substituír nin cazador nin can para o desempate xa que este considérase unha continuación da quenda

## 6.- EXCLUSIÓNS

- 1) En ningún caso se admitirán cadelas en celo, cans mordedores, cans vítimas de enfermidade contaxiosa, femias con xestación avanzada ou recentemente paridas, e cans con lesión ou coxeira manifesta.
- 2) Os concursantes non poden inscribirse na mesma competición con varios cans.
- 3) Non poderá participar un participante por diferentes comunidades durante o mesmo ano.
- 4) Un mesmo can non poderá participar con diferentes cazadores na mesma proba (mesmo día).
- 5) Un can xa clasificado cun participante, non poderá participar con outro participante de diferente provincia ou comunidade en ningunha fase clasificatoria.

## REGRAS E NORMAS DA PROBA

### 7.- QUENDAS E REGRAS

- 1) O cazador, só co seu can, efectúa unha quenda cuxa duración é de 20 minutos.
- 2) O Delegado Técnico ofrecerá a cada participante, dentro dos límites establecidos, un terreo que lle permita efectuar o percorrido sen interrupción.
- 3) Dentro das limitacións indicadas, os xuíces indicarán ao participante o inicio e a zona na que se realizará a súa quenda. En campo corrido, o concursante deberá continuar a partir de onde remate o participante que lle preceda.
- 4) No caso de que os xuíces estimen que o terreo útil esgotouse antes de terminar a quenda, o tempo para o desprazamento a outro terreo non será incluído na duración da quenda.
- 5) No caso de que a competición se realice nun único campo e con caza sementada, a organización terá previsto un campo de reserva, para que poida terminar a súa quenda de actuación aquel concursante que, estando realizando a proba no campo que lle correspondeu por sorteo, o Xurado determine paralizar a súa quenda, se verificase que non queda caza sementada nos supostos seguintes:

- a) Os xuíces viron saír do campo de competición dúas pezas. Aclaración: O concursante non ten dereito a pedir que se comprobe se as pezas están ou non no seu punto de sementa.
- b) Que as pezas voen cara ao público, logo de amosalas ao can en cans de mostra ou sinalada en spaniels, e a condición de que o cazador as tivera espantado para a súa fuxida e posterior abatemento, dende dirección correcta (de costas ao público).
- c) Que por calquera outra circunstancia allea ao participante ou ao can, non as poda abater por disparo; o xuíz deberá poñer outro campo a disposición do participante. Por exemplo o caso en que as dúas pezas de forma ostensible e tras intentalo o cazador reiteradamente non voen.
- 6) O cazador pode realizar catro disparos, podendo levar consigo ata seis cartuchos (recoméndase utilizar escopeta de dous canóns). Se decide empregar unha arma semiautomática, só poderá ser cargada con dous cartuchos.
- 7) O cazador poderá abater e cobrar un máximo de dúas pezas de caza das especies autorizadas, que recordará o Delegado Técnico aos participantes na presentación, antes da súa quenda.
- 8) No caso de que abatese unha peza sen poder cobrala, seralle permitido unha soa vez, que abandone a procura para intentar tirar e cobrar as dúas pezas necesarias, pero o Xuíz terá severamente en conta esta peza de caza ferida.  
Se logo desta primeira peza de caza ferida e non cobrada, o participante fere unha segunda peza, non poderá abater outras sen antes cobrala.
- 9) A arma durante a proba deberá levarse sempre cargada. A arma descargada, mentres se concursa, penalizarase con (-5) puntos ao cazador.

Débese de abrir a escopeta para amosar a caza aos xuíces.

Mentres non cobre dúas pezas pode seguir disparando se lle quedan cartuchos. Pode darse o caso:

- 1ª peza: 1 disparo, fallado (-5 puntos)
- 2ª peza: 1 disparo, fallado (-5 puntos)
- 3ª peza: 1 disparo, fallado (-5 puntos)
- 4ª peza: 1 disparo, fallado (-5 puntos)

E tería (-20) puntos como tirador, perdería puntos en precisión e habilidade, pero non hai por que impedirle seguir competindo.

Poden darse puntuacións completamente negativas.

10) Si o cazador cobrou as súas dúas pezas e quédanlle cartuchos, estaralle prohibido facer uso deles, pero deberá continuar o seu percorrido coa arma cargada para dar ao xurado a posibilidade de avaliar a continuación da súa quenda de competición.

## 8.- INTERRUPCIÓN DA QUENDA E DESCALIFICACIÓNS

1) No caso que o concursante dispare contra unha peza de caza non autorizada, quedará eliminado. O mesmo ocorrerá se dispara contra unha peza de caza autorizada pero que está inmovilizada ou que corre a pasos, sen ser previamente ferida.

Quedará igualmente eliminado se realiza máis de catro disparos.

2) O xuíz pode interromper o desenvolvemento da quenda de competición e eliminar ao concursante, se a súa conduta é perigosa para si mesmo ou para os demais. Os xuíces deberán aplicar este artigo só cando sexan realmente condutas perigosas que poidan afectar á integridade física das persoas (público, xuíces, participantes, etc.) ou do propio concursante co seu can.

3) Se o cazador dispara contra unha peza de caza autorizada sen ser previamente interceptada polo seu can (parada en cans de mostra ou sinalada nos spaniels), só poderá obter puntos correspondentes ao cualificativo de *Suficiente* polo que se refire á apreciación da acción levada a cabo polo cazador, tal como prevé o artigo 9.2, en razón da súa falta de deportividade.

Por outra banda, se abate e cobra unha peza dese tipo, non se lle poderán atribuír os puntos previstos para *Tiro: habilidade do cazador*, tal e como prevé o artigo 9.1 a) e b).

4) En caso dunha catástrofe natural ou condicións atmosféricas adversas, que impidan a actividade venatoria segundo as leis locais, a quenda poderá ser interrompido e ata chegar a suspender a proba por unha disposición do Delegado Técnico, de acordo co xurado. Os xuíces deben procurar por tódolos medios humanamente posibles que a proba se realice. Só deberán suspendela cando sexa realmente imposible continuar.

5) Os xuíces poderán suspender momentaneamente a quenda de competición por unha circunstancia excepcional e deberán de renovo no prazo máis breve posible. Este adiamento detén o tempo de competición do participante que seguirá sendo de vinte minutos. Aclaración: debido á presenza de

gando, presenza de persoas no campo alleas ao concurso, avaría da escopeta, lesión do can, lesión do cazador, lesión do Xuíz ou calquera outra excepcional. Se o Xurado observa nun tempo prudencial que non é posible continuar a quenda, dará por finalizado devandita quenda.

## 9.- PUNTUACIÓNS

Para clasificar aos concursantes, o Xurado poderá asignar aos mesmos unha puntuación como máximo de 100 puntos, en base aos tres apartados seguintes, respectando as normas citadas a continuación:

1) Tiro: habilidade do cazador (20 puntos)

a) A condición de ser previamente mostrada, si é un can de mostra, ou marcada si é un spaniel, cada peza de caza abatida e recolleita cun único disparo recibirá: 10 puntos

b) A condición de ser previamente mostrada, si é un can de mostra, ou marcada si é un spaniel, cada peza de caza abatida e recolleita con dous disparos recibirá: 5 puntos

c) Cada peza de caza non abatida nin ao primeiro nin ao segundo tiro, pero previamente mostrada ou marcada, deduciranse: - 5 puntos

d) Cada peza de caza abatida, que caia morta ou ferida e que non sexa cobrada, pero mostrada ou marcada antes do disparo, deduciránselle: - 10 puntos , salvo que a peza caia nun lugar inaccesible para o cobro (colgada dunha árbore, acantilado...), pero si contarán os disparos efectuados.

2) O xuíz ten á súa disposición un máximo de 50 puntos que pode asignar en función á conduta do cazador, en base ás modalidades previstas no Artigo 10.

3) O xuíz ten á súa disposición un máximo de 30 puntos, que pode asignar en función da actividade do can, en base ás modalidades previstas no artigo 10.

## 10.- CRITERIOS DE XUICIO

1) Coa finalidade de respectar unha certa uniformidade de xuízo e con obxecto de evidenciar o espírito competitivo e educativo do Campionato, é necesario ter en conta, particularmente as normas seguintes:

a) Os concursantes deben sempre efectuar a súa quenda de competición por toda a súa duración, salvo os casos previstos nos Artigos 7 e 8. Baseándose na capacidade e na conduta do concursante durante



a proba, o Xuíz terá á súa disposición os elementos necesarios que lle permitan asignar un máximo de 50 puntos.

b) Un máximo de 30 puntos deberán ser asignados en función da conduta do can, que ten que ser considerada en segundo lugar respecto da do cazador.

c) A puntuación das pezas abatidas debe ser o resultado da suma aritmética sen outra consideración.

2) A determinación da puntuación de cada apartado, segundo o artigo anterior, é independente una doutra.

## **11.- AVALIACIÓN DO CAZADOR**

1) Polo que se refire ao xuízo sobre a conduta amosada polo cazador durante a súa propia quenda de competición, o xurado ten á súa disposición un máximo de 50 puntos que se asignarán en consideración aos seguintes apartados:

1. Precisión e educación venatoria: un máximo de 15 puntos

2. Seguridade e habilidade: un máximo de 20 puntos

3. Espírito deportivo: un máximo de 15 puntos.

2) Por precisión e educación venatoria, enténdese a conduta demostrada polo concursante, en relación ao respecto das normas da caza e o respecto polo medio.

É necesario ter en conta particularmente as seguintes normas de conduta:

a) O concursante debe poder avaliar en cada momento as distancias dos camiños e casas, de maneira que lle permitan efectuar un exercicio venatorio normal e, particularmente, unha quenda de competición regular.

b) O concursante ten que respectar adecuadamente o terreo dos demais, aínda máis porque o exercicio venatorio se efectúa xeralmente sobre un terreo alleo. Tomarase en consideración o coidado co cal o cazador evita causar danos posibles a si mesmo e aos demais.

c) Tomarase en consideración a relación entre cazador e o seu can e o xeito de conducilo.

Aclaración: Un can non útil ao cazador, si se vai de man, atropela pezas, cólleas coa boca, etc. aplicarase un grave demérito ao cazador, por auxiliarse dun can non efectivo, que é un dos tres puntos fundamentais desta competición deportiva de caza.

d) Será nota de grave demérito non recoller as vainas dos cartuchos, salvo que polas condicións do terreo sexa imposible facelo. Tamén será nota de grave demérito perder os cartuchos.

e) As reaccións en caso de erros efectivos e os erros do can, serán igualmente tomadas en consideración.

3) Por seguridade e habilidade enténdese o respecto das normas de seguridade durante o desenvolvemento da quenda de competición para evitar danos posibles a si mesmo ou aos demais, así como tamén un coñecemento técnico que teña como resultado un mellor desenvolvemento da quenda de competición.

É necesario ter en conta, particularmente, as seguintes normas de conduta:

a) Tomarase en consideración o xeito en que o cazador leva a escopeta cando se atopa só ou cerca do Xurado ou dos oficiais da Competición.

b) Será nota de grave demérito, levar a escopeta pechada en posición de disparo e, ademais, co dedo sobre o gatillo ou disparador. Isto non é aplicable se a escopeta se leva aberta.

c) Tomarase en consideración o xeito na que o concursante tome as súas decisións no momento de saltar un foso ou ben no momento de pasar por terreos perigosos, onde sería oportuno que o cazador sacase os cartuchos da escopeta e controlase a parte interna dos canóns.

d) Será nota de grave demérito utilizar a escopeta para facer saír a peza de caza das matogueiras.

e) Tomarase en consideración, en relación á dificultade do terreo, a conduta do concursante que localiza unha peza e decide, no xeito oportuno, efectuar a súa quenda nunha zona boscosa máis ou menos accidentada.

f) Avalíase, en relación á peza que se pretenda cazar, a selección do tipo de cartucho e escopeta utilizada. Recoméndase utilizar escopeta de dous canóns. Débese abrir a escopeta para entregar a caza aos Xuíces, non sendo necesario descargala.

g) A escopeta, sempre cargada, poderase levar ou ben pechada co seguro posto, ou ben aberta.

4) Por espírito deportivo enténdese a conduta do cazador en relación á peza de caza e ao seu can.

É necesario ter en conta, particularmente, as seguintes normas de conduta:

a) Considérase nota de grave demérito, a conduta do cazador que, logo de ferir unha peza, abandona a procura para intentar abater e cobrar as dúas pezas necesarias, salvo que a peza caia nun punto onde o cobro sexa imposible.

b) O xuíz examinará as condicións da peza cobrada, para verificar que esta non foi mutilada por efecto do disparo. É a criterio do xuíz examinar a peza ao finalizar o cobro ou ben ao finalizar a quenda, e ata que esté seguro de que a peza non está mutilada pola distancia do disparo, poderá indicarlle ao participante que a garde ou colgue segundo o costume.

c) Tomarase en consideración a conduta que o concursante demostra en relación aos Xuíces, organizadores e demais concursantes. A conduta deberá ser a axeitada antes, durante e despois do concurso. O Xuíz só terá en conta o tempo directo de actuación, os vinte minutos, pero as protestas públicas e notorias serán xulgadas e denunciadas polo Delegado Técnico e/ou o Comité de Competición e sancionadas polo Comité Xurisdiccional e Disciplinario da Federación Galega de Caza.

d) Considerarase o disparo a pezas que estean fóra de tiro.

Aclaración: Este é un punto no que hai que ter en conta os cartuchos empregados, o canón da escopeta (lonxitude do canón e choques) e o campo de competición si é unha zona de bosque ou limpa e de boa visibilidade. Só se aplicará grave demérito se a peza está deteriorada.

e) O cazador, baixo ningunha circunstancia poderá facer saír ou voar a peza tocándoa coa man.

f) Se os xuíces teñen claro que a peza foi abatida e caeu, pero o participante se negase a ir cobrala, a pesar de que os xuíces lle comuniquen que ten opción de cobrala e este siga facendo caso omiso, aplicaráselle a penalización correspondente ao apartado dos disparos e o grave demérito por abandono da peza (sempre tendo en conta os xuíces a posición e situación desde onde se atopa o participante e comprobando que puidese ver a acción completa).

Se a peza caeu fóra do campo, o xuíz, previa autorización e descarga da arma por parte do participante, deberá acompañar ao cazador ao cobro.

g) Terase moi en conta ao disparar a pezas que se dirixan cara aos espectadores, podendo ata, en caso de perigo palpable, ser o concursante descalificado.

h) Aquel concursante que dun xeito ostensible perda o tempo de competición aplicaráselle grave demérito. Aclaración: como exemplo, dar repetidamente auga ao can sen xustificación, tardar un tempo excesivo en colgarse a peza abatida, mirar continuamente os canóns da escopeta nun lugar sen dificultade de vexetación...

5) No caso de que unha peza ferida por outro concursante sexa cobrada polo can, o xuízo non concernirá á conduta do can. A peza de caza non deberá ser cobrada polo concursante, senón entregada ao persoal de servizo presente sobre o terreo.

6) O Xuíz debe poñer moito coidado ás normas que poden definirse como normas técnicas:

1. O cazador deberá de realizar ante os Xuíces, e antes da quenda de competición, unha breve presentación persoal co can atrelado, indicando o seu nome e a Sociedade ou provincia á que representa; o nome, idade e raza do seu can; o tipo de escopeta coa lonxitude de canón e os choques utilizados, ademais de indicar os gramaxes dos cartuchos e o seu número. O tempo de quenda de competición comezará logo desta presentación. Se houberse desempate, deberá de repetirlo aos Xuíces, antes do devandito desempate.

Tamén deberá de ensinar toda a documentación necesaria para a práctica venatoria del e do seu can cando se lle solicite.

2. Os Xuíces valorarán a colaboración e compenetración existente entre can e concursante.

3. O cazador terá a capacidade de elixir o terreo máis apropiado para un rápido cobro da peza.

4. O cazador e os Xuíces observarán co máximo silencio durante a quenda de competición para conseguir o mellor achegamento á caza.

7) Ademais das devanditas normas, que se poden considerar de máxima utilidade para o mellor éxito da quenda de competición, o Xuíz ten que ter en conta as dificultades técnicas, atmosféricas ou da natureza do terreo e o tipo de caza que probablemente poida atopar.

8) Aos cans **Spaniels Levantadores**, non se lles penalizará nin por coller unha ou por coller varias pezas sen disparo. Non se lle considerará como grave demérito ao cazador e permitiráselle que poida finalizar a súa quenda e disparar as pezas regulamentarias. Polo tanto, no caso de que o can colla algunha peza deste xeito, o participante deberá entregar automaticamente ao Delegado Técnico a peza e non se contabilizará.

9) Permitirase o campano en cans de mostra.

Os cans **Spaniels levantadores** poderán levar campano, pero queda a criterio do xuíz, se o xuíz considera que nesa proba concreta poida ser unha vantaxe ou non a súa utilización en función do tipo de vexetación (o xuíz ao comezo da proba deberá de comunicarllo ao participante).

10) Todas as notas de grave demérito aplicaranse unicamente ao cazador e puntuaranse descontando 10 puntos (-10).Aclaración: O can non ten notas de grave **demérito**.

## 12.- AVALIACIÓN DO CAN

1) En canto á asignación dos 30 puntos a disposición do Xurado para avaliar a conduta do can, a acción do can será avaliada en base aos seguintes criterios:

a) Aspectos de adestramento. O Xurado asignará un máximo de 15 puntos á unión harmónica entre o cazador e o can; a súa obediencia e eficacia: regularidade da procura; inmovilidade ao momento da saída da peza e ao momento do disparo cun arma de fogo; relación coa peza e o seu dente doce; respecto da peza tanto de pelo como de pluma.

Toda peza que previamente fose interceptada, mostrada, guiada e estea a tiro de escopeta considerarase válida para disparar (sempre mantendo as distancias de seguridade, público, etc.) salga por onde salga, cara a adiante, cara atrás, cara á dereita ou cara á esquerda do can, xa que É UN CAMPIONATO DE CAZA (art. 1)

b) Calidades Naturais. Os Xuíces asignarán ademais un máximo de 15 puntos á iniciativa do can e ás súas calidades innatas para a procura; o estilo do can deberá corresponder á súa raza, tanto no seu modo de andar, como a súa mostra ou marcaxe.

a) A súa procura e porte, capacidade de adaptación ao terreo e a súa prudencia fronte ao tamaño da peza e guía ou deslizamento; perspicacia do seu olfacto.

b) Características propias da raza que se xulga de acordo co seu estándar.

1) Sendo esta unha proba de caza, a valoración do can sobre 30 puntos farase conforme aos dous apartados anteriores separados un do outro, é dicir, 15 puntos ás calidades naturais e 15 puntos ao adestramento. Unha falta de adestramento non mingua puntos ás calidades naturais e viceversa, unha falta de calidades naturais non quita puntos ao adestramento.

## 13.- BAREMO DE APRECIACIÓN

Co obxecto de harmonizar os fallos do xurado entre as diferentes baterías, os xuíces inspiraranse no baremo de puntos de avaliación que contempla este artigo, xunto co anterior 10.3 a 10.8. O Xurado

deberá de chegar a un consenso sobre en que apartado puntuarán ao cazador e en cal ao can e unha vez de acordo redactarán a tarxeta de puntuación. En caso de desacordo, prevalecerá o criterio do Presidente do xurado, que será nomeado, antes da proba, polo Colexio de Xuíces e Árbitros da Federación Galega de Caza, pero farase a media das puntuacións dos xuíces presentes nesa batería.

	CAZADOR	CAN
	Sobre	Sobre
	50 puntos	30 puntos
<hr/>		
Insuficiente.....	0-10	0-4
Suficiente.....	11-15	5-10
Ben.....	16-29	11-15
Moi Ben.....	30-40	16-25
Excelente.....	41-50	26-30

#### 14.- CLASIFICACIÓN E TÍTULOS

1) A orde de clasificación está determinada polo total da puntuación acadada por cada cazador auxiliado polo seu can.

2) Non son posibles a clasificacións Ex aequo. En caso de empate na clasificación individual, a orde establécese pola maior puntuación conseguida polo participante cos disparos. De persistir o empate, considerarase a mellor puntuación atribuída ao traballo desenvolvido polo can, e para rematar, considerarase a mellor puntuación conseguida en, e pola seguinte orde:

1º Precisión

2º Seguridade e habilidade.

3º Espírito deportivo.

3) O cazador clasificado en primeiro lugar é "Campión Galego de Caza San Huberto", por ese ano. O título de Campión Galego non poderá atribuírselle máis que a un concursante que abata e cobre polo menos unha peza, ben na súa quenda ou ben no desempate, e que obtivera alomenos 60 puntos.

4) O cazador clasificado en primeiro lugar é "Campión Galego de Caza San Huberto", por ese ano. O título de Campión Galego non poderá atribuírselle máis que a un concursante [que obtivese polo menos](#)



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

60 puntos na súa quenda e a condición que abata e cobrado polo menos unha peza ben na súa quenda ou ben no desempate. En caso de existir dous ou mais series os dous primeiros clasificados de cada serie, sempre, serán chamados a un desempate que se desenvolverá nunha quenda reducida de 10 minutos. As puntuacións obtidas nas series non contarán neste desempate. Si houberse máis de tres series pasará ao desempate o primeiro clasificado de cada serie.

### **15.- PREMIOS.**

Ao Campión Galego de Caza San Huberto, seralle entregada unha placa.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 25 de xuño de 2021.